

As Xuntas de Centro das Facultades de Dereito da USC, UDC, e UVI (campus de Ourense) así como da Facultade de Ciencias Xurídicas da UVI (campus de Vigo), diante do inicio da tramitación dun novo grao en Dereito no sistema universitario galego por parte da Universidade Intercontinental de la Empresa, co informe favorable da Secretaría Xeral de Universidades, coñecido na xuntanza do Consello Galego de Universidades do pasado 11 de decembro, acordamos o seguinte POSICIONAMENTO CONXUNTO

PRIMEIRO. Vemos con preocupación a posibilidade de implantación dun novo grao en dereito que sería na práctica a quinta titulación destas características na nosa comunidade autónoma, o que suporía unha distorsión da oferta académica na titulación que entendemos xa se atopa suficientemente ben cuberta na actualidade polas 480 prazas que se ofertan nas tres universidades públicas (180 na UDC, 170 na USC, 60 na UVI-Ourense e 70 na UVI-Vigo). Debe entenderse, ademais, que dificilmente a demanda subirá nos próximos anos, debido a razóns demográficas, de acordo coas propias estimacións do SUG. De feito, o informe realizado por expertos da ACSUG a petición da Secretaría Xeral de Universidades no ano 2018 sobre a revisión do grao de Dereito nas Universidades do SUG sinalaba expresamente que “la oferta de plazas en el Sistema Universitario de Galicia es apropiada en cuanto a su número, (...) útil a los efectos de la satisfacción de la demanda satisfactoriamente” e que “No es preciso, por tanto, ninguna revisión de la oferta de plazas para la titulación”.

SEGUNDO. Consideramos que esta reiteración dunha nova titulación de dereito no sistema universitario de Galicia resulta contraria ao sinalado polo art. 8 da Lei 6/2013 do Sistema Universitario de Galicia cando chama a evitar reiteracións de titulacións na Comunidade Autónoma e co art. 13.g da mesma en canto condiciona a creación de novas universidades a que o seu catálogo de titulacións sexa “complementario e non reiterativo respecto ás titulacións preexistentes en consolidadas no SUG”. Dende logo, estes preceptos véñense esgrimindo ás tres universidades públicas de xeito reiterado dende a SXU para informar negativamente e denegar a implantación de novos títulos, polo que resulta incomprensible que non teñan sido igualmente aplicados nesta ocasión. Botamos de menos, neste sentido, que se arbitre un sistema para que a implantación de novos títulos por parte de Universidades privadas se someta, cando menos, aos mesmos procedementos e requisitos esixidos ás Universidades públicas.

- TERCEIRO. Entendemos sorprendente que dende a UIE xa se estea a publicitar, mesmo de forma previa á comunicación pola SXU ao Consello de Universidades un título aínda non verificado nin autorizado polos órganos competentes, coa pasividade da Xunta de Galicia ao respecto, nunha actuación non só fraudulenta para o potencial alumnado, senón que, con certeza, non sería permitida a ningunha das Universidades públicas do SUG.
- CUARTO. Cremos que a titulación que se propón dende a UIE non só ven a reiterar a formación tanto de grao como de mestrado existente en Galicia, senón que ademais, non se pode asegurar a calidade da formación necesaria no ámbito das ciencias xurídicas. Dificilmente se pode entender que o plan de estudos proposto sexa suficiente para garantir uns mínimos

formativos para o futuro estudiantado. Igualmente, a UIE carece de profesorado e de experiencia investigadora, non xa remotamente comparable á que posúen as universidades públicas do SUG nas áreas xurídicas, senón a minimamente aceptable para acometer unha titulación de grao en Dereito.

Por todas estas razóns, entendemos que a Xunta de Galicia non deberían autorizar de modo definitiva a implantación deste novo grao en Dereito e dende as xuntas de centro das catro facultades xurídicas do SUG así llo demandamos. Igualmente, no caso de que, como entendemos preceptivo, previamente á definitiva autorización desta titulación se someta a informe do Consello de Universidades pedimos a os membros desta institución, particularmente, aos nosos reitores e ás presidencias dos nosos Consellos Sociais que voten en contra da mesma.